



GALEGO



Lectura Fácil

Castelao

**MIRAR
POR
GALICIA**

Unha experiencia de arte dixital

Museo Centro Gaiás

26 xuño 2025-

11 xaneiro 2026



Colabora:

FUNDACIÓN
CASTELAO





© Logo europeo de lectura fácil: Inclusion Europe.

Máis información en

<https://www.inclusion-europe.eu/easy-to-read/>

Lectura Fácil

Este documento está adaptado á lectura fácil.

A lectura fácil é unha maneira de redactar con palabras claras para que os textos sexan máis doados de entender.

A lectura fácil é unha ferramenta de accesibilidade cognitiva.

Texto en lectura fácil segundo os contidos da exposición “Castelao. Mirar por Galicia”.

Adaptación á lectura fácil: **Federación Autismo Galicia.**

Grupo de validación: equipo de validadores da **Rede de Accesibilidade** da Federación Autismo Galicia.

Índice de contidos

	Páxinas
1. Espazo expositivo	4
– Exposición de fotos de Castelao	6
– Exposición da súa obra	7
2. Orixe	9
3. Voda	10
4. Escuridade	11
5. Mestre	12
6. Estatuto	13
7. Guerra	14
8. Fuxida	15
– Viaxes	15
9. Entrada ao cubo	16
– Aviso ao saír do túnel	17
– Espazo para sacar fotos	19

1. Espazo expositivo



Foto do personaxe
de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
foi un político, escritor e pintor galego.
Viviou a comezos do ano 1900.
Naceu en Rianxo no ano 1886
e morreu en Bos Aires no ano 1950.

Castelao é unha das persoas
máis importantes da cultura galega.
Castelao aprendeu só a escribir e a debuxar.
Destacou tanto na escritura como no debuxo.
A súa obra segue sendo moi importante hoxe en día.

No ano 2025 fanse 75 anos da súa morte.
Para celebralo, inauguramos esta exposición
sobre a figura de Castelao.

Veremos etapas e feitos importantes:

- da súa vida,
- da súa obra,
- da política da época,
- da cegueira de Castelao,
- da Guerra Civil española
- e da fuxida a Arxentina.



Cadro: Moza con cabritiña.
 Autor: Castelao.
 Ano: 1914.
 Material: óleo sobre lenzo.
 Cedido por: Recreo Cultural da Estrada.



Cadro: O cego na romaría.
 Autor: Castelao.
 Ano: 1913.
 Material: óleo sobre lenzo.
 Cedido por: Recreo Cultural da Estrada.

Na exposición hai 10 etapas diferentes sobre a historia de Castelao.
 En cada etapa vemos cousas importantes da súa vida e da súa obra.

Na exposición hai pezas reais e pezas feitas con **intelixencia artificial**.

As obras están creadas:

- por intelixencia artificial,
- hologramas,
- vídeos
- e realidade virtual.

Intelixencia artificial

Programas informáticos que aprenden e pensan copiando as persoas.

Exposición de fotos de Castelao

Nesta exposición recreáase a figura de Castelao usando intelixencia artificial.

Usáronse moitas imaxes e fotos orixinais para crear esta figura dixital.

Este traballo foi longo e complicado porque as fotos estaban en mal estado.



Imaxe: Castelao.
Autor: Jaime Pacheco.
Ano de publicación: 1926.
Colección Arquivo Pacheco.
Localización: Vigo, Galicia.



Imaxe: Castelao no ano 1936.
Fundación Castelao.



Imaxe: Castelao participa na Semana de Galicia en Porto, Portugal.
Data: 4 de abril do ano 1935.
Colección Arquivo da Real Academia Galega.



Castelao no Centro Ourensán de Buenos Aires,
na Arxentina.
Eduardo Blanco Amor.
Colección: Fundación Eduardo Blanco Amor.
Deputación Provincial de Ourense.



Fotografía: Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
en branco e negro.
Autor: Joaquín Pintos.
Año de publicación: 1931.
Colección: Museo de Pontevedra.



Fotografía con Castelao.
Data: 8 de xullo do ano 1948.
En Buenos Aires, na Arxentina.
Arquivo: Fundación Castelao

Exposición da súa obra

Usáronse materiais orixinais da vida de Castelao
para crear esta exposición.

O obxectivo era manter
a calidade da experiencia.

Foi un traballo duro
xuntar as pezas orixinais.
Moitas entidades colaboraron
e autorizaron o uso do material.


Aquí podes ver moitos obxectos reais do proxecto,
como as lentes orixinais de Castelao.



Obxecto: lentes de Castelao
do século vinte.
Son de pasta e metal.
O estoxo metálico mide
sobre 14 centímetros.



Obxecto: libro Estatuto de Galiza
Antecedentes e comentarios.
Ano: 1948.
Arquivo: Buenos Aires,
Federación de Sociedades Galegas.
Prestado por: Fundación Castelao.



Obxecto: libro Sempre en Galiza.
Autor: Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.
Ano: 1944.
Editorial: "As Burgas", Buenos Aires.
Prestado por: Biblioteca de Galicia.



Obxecto: libro de debuxos Nós.
Autor: Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.
Ano: 1931.
Editorial: Casa de Hauser e Menet, Madrid.
Prestado por: Biblioteca Municipal Rosalía
de Castro, no concello de Arzúa.



Obxecto: pluma de Castelao.
É un modelo Parker do século vinte.
É de plástico e metal.
Tamaño sobre 14 centímetros.
Prestado por: Museo de Pontevedra.

2. Orixe

Castelao naceu en Rianxo no ano 1886.
Rianxo é unha vila mariñeira da costa de Galicia.
Atópase na zona da Coruña.

Castelao escapou coa súa nai
á Arxentina no ano 1896.
O seu pai xa estaba alí.
Viviron na Pampa.

A Pampa é unha zona moi grande,
chaira e con pouca xente.
Ese lugar era moi diferente de Rianxo.

Dixitalizáronse imaxes antigas de Rianxo
usando películas da **Filmoteca** de Galicia.

Filmoteca

Lugar onde se archivan
películas e vídeos.



Foto de Castelao con 4 anos.



Foto da rúa de Abaixo de Rianxo
no ano 1890.
Imaxe de cando Castelao vivía alí.

3. Voda

Esta foto lembra o seu casamento.
Castelao casou coa súa amiga Virginia
o 19 de outubro de 1912.
Tiveron un só fillo.

Virginia e Castelao tiñan as mesmas ideas políticas:

- A favor da **democracia**.
- En contra da **monarquía**.
- A favor da cultura e dos valores galegos.

Democracia

Forma de goberno
por maioría.
As personas elixen
os seus gobernos co voto.

Monarquía

Maneira de mandar
nun país ou rexión.
Na monarquía manda
o rei ou a raíña.



Fotografía do matrimonio
de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
e Virginia Pereira sobre o ano 1912.
Localización: Museo de Pontevedra.



Imaxe dixital do matrimonio
de Castelao e Virginia Pereira.
Localización: Museo de Pontevedra.

4. Escuridade

Castelao quedou cego por unha doenza en maio do ano 1914.

Foi unha das etapas máis tristes da súa vida.

Castelao gañou un pouco de visión cos anos e comezou a usar bastón e lentes.

O momento máis triste para Castelao foi a morte do seu fillo Alfonso, por unha doenza nos pulmóns. Alfonso tiña 14 anos.

Podes ver como vía Castelao con estas lentes virtuais. Nesta experiencia verás as etapas tristes reconstruídas da vida de Castelao.

5. Mestre



Imaxe dixital de Castelao

Castelao era unha persoa moi sabia
e gustáballe ensinar.



Tiña talento artístico,
sabía técnicas de pintura
e falaba ben en público.

Foi profesor de debuxo
no Instituto Xeográfico e Estatístico de Pontevedra
desde o ano 1917.

Tamén foi profesor nunha universidade privada
nos Estados Unidos no ano 1938.

María Ameijeiras Rodríguez foi alumna de Castelao
no ano 1935.

Ela fixo os debuxos desta sección
e a súa familia prestou estas imaxes.



Debuxos de María Ameijeiras Rodríguez

6. Estatuto

Castelao participou na creación do **Estatuto de Autonomía de Galicia** en 1936. Políticos e persoas da cultura galega escribiron xuntos este estatuto.

A cidadanía apoiou a proposta e o Estatuto aprobouse en xuño de 1936.

Estatuto de Autonomía de Galicia

Lei moi importante para Galicia.
Contén os dereitos das persoas en Galicia.



Fotografía do periódico AHORA.
Data: 30 de xuño do ano 1936.
Relata a votación do Estatuto por maioría cidadá en Galicia.
Arquivo: Biblioteca Nacional de España



Fotos tomadas por Juan Malvárez no mitin de Castelao do encontro da Xuventude Galeguista de Lira no ano 1933.

7. Guerra

No ano 1936 comezou a **Guerra Civil Española**.

Castelao mais outros políticos do Goberno da **República** fuxiron para protexerse.

Primeiro foron a Valencia e logo a Barcelona.

Continuaron a loita política dende alí.

En Barcelona houbo un bombardeo e Castelao feríuse ao caer no oco dun ascensor.

Guerra Civil española

Conflicto dentro de España. Enfrontou os seus cidadáns durante anos.

República

Forma de goberno onde non hai monarquía. É dicir, non hai reis nin raíñas.



Fotografía do bombardeo de Barcelona.



Debuxo dun Castelao ferido pola caída no oco do ascensor durante o bombardeo de Barcelona.

8. Fuxida

Castelao estaba en Madrid no golpe de Estado en xullo de 1936. E publica 3 documentos sobre a guerra para defender o Goberno Republicano.

Castelao viaxa a Rusia, aos Estados Unidos e a Cuba.

Busca apoios e diñeiro para axudar o exército da República.

Golpe de Estado

Acción militar de guerra para acabar co goberno elixido pola xente.



Imaxe de Castelao nunha viaxe a Nova York, os Estados Unidos.

Viaxes

A vida de Castelao estivo chea de viaxes. Viaxaba para loitar pola xustiza, a liberdade e para defender a cultura do pobo galego. O pobo galego e a súa cultura foron sempre a paixón de Castelao.

9. Entrada ao cubo

Esta é unha experiencia audiovisual global.
Ten son envolvente
e imaxes en pantallas ao redor.

Verás obras de Castelao
en gran tamaño, en **3D**
e animadas con intelixencia artificial.

Instrucións para ver o vídeo:

1. As obras amósanse seguidas
e en **orde cronolóxica**.
2. Podes saír cando o vídeo comece de novo.
3. Non toques as paredes do espazo.
4. Colócate no centro para ver mellor.

3D

Significa 3 dimensións,
así vemos as cousas
na realidade.

Orde cronolóxica

Xeito de contar as cousas
na orde en que aconteceron.
Por exemplo, un ano
tras outro seguidos.

Estes son uns debuxos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.
Pintounos entre os anos 1920 e 1930




Debuxo: É vostede un desvergonzado.

Autor: Castelao.

Material: tinta sobre papel.

Cedido por: Afundación.




Debuxo: Pensamentos.

Autor: Castelao.

Material: tinta sobre papel.

Cedido por: Afundación.



Debuxo: Contraste.

Autor: Castelao.

Material: tinta sobre papel.

Cedido por: Afundación.

Aviso ao saír do túnel



Figura dixital en 3D de Castelao

Esta exposición amosa imaxes virtuais de Castelao creadas con tecnoloxía 3D e intelixencia artificial.

Estas técnicas serven para homenaxear a Castelao e destacar a súa figura e obra.

Todo o que ves nesta mostra audiovisual é ficción.

Isto quere dicir que non representa feitos históricos reais.

É unha interpretación artística.

A figura dixital de Castelao creárona profesionais e artistas galegos.

Empregaron técnicas 3D, efectos visuais e intelixencia artificial.

As fotos de Castelao son moi poucas e estaban en mal estado.

Precisaron limpalas e reconstruílas.

Todas as imaxes e documentos teñen permisos legais.



Imaxe dixital de Castelao falando.

Reconstruir a voz de Castelao
foi un un reto técnico e artístico.
Só existe unha gravación súa do ano 1941,
na que fala castelán con acento galego.

Esa gravación limpouse e usouse
para crear unha locución con intelixencia artificial.
As frases tomáronse dos seus libros e diarios
para semellar o seu pensamento.

Esta exposición percorre os momentos máis importantes
da vida de Castelao.
Parece que acompañamos a Castelao
nalgúns instantes da súa vida.

Material elaborado por
© Federación Autismo Galicia, 2025.
Todos os dereitos reservados.